

**PLAN DE ACTIVIDADES
COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
CEIP DO BOLO
2018-2019**

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do cento foi constituído tal e como recolle a lexislación vixente. O que se pretende con estas actividades é acadar os obxectivos que aparecen reflexados no punto 2.2.10 deste documento.

Enténdense como actividades complementarias aquelas de carácter xeral que son levadas a cabo coa implicación de todo o profesorado e de todo o alumnado, é dicir, son de obrigatorio cumprimento, xa que trasncurren dentro do horario lectivo.

Coordinaranse as diversas saídas que propoñen o ciclo/nivel nos seus plans de traballo e asistirase a exposicións ou eventos ocasionais que poidan xurdir ao longo do curso e que os mestres consideren axeitados para o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

Tamén se programarán actividades organizadas por entidades alleas ao centro que teñen lugar nas instalacións do mesmo como son os cursos de educación vial organizados pola Xefatura Territorial de Tráfico, obras de teatro ofertadas por editoriais, charlas, conferencias, encontros, diferentes obradoiros...que teñen lugar no centro como parte das programacións dos distintos niveis.

Os equipos de coordinación docente unificarán criterios á hora de distribuír as visitas e excursións do alumnado, de xeito que éstas non se repitan ao longo dos cursos polos que pasan e programando actividades complementarias como mínimo para todo o nivel.

Debido á relevante importancia que teñen no proceso formativo dos alumnos e alumnas este tipo de actividades, este Centro, ademáis de todas as conmemoracións que se establecen na orde do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, levaranse a cabo unha serie de actividades e actos conmemorativos entre os que cabe destacar actividades lúdicas de principio e final do curso, Samaín, o Magosto, Nadal, Entroido, día das Bibliotecas, día da Poseía, actividades culturais e actividades deportivas. Ademáis destas actividades, levaranse a cabo todas aquelas que poidan xurdir e resulten de interese e axeitadas para a formación do alumnado.

No que ás actividades extraescolares se refire debemos ter presente que transcurren fóra do horario lectivo e non son de obrigatorio cumprimento. Trataremos de realizar alomenos unha saída por trimestre ademais de todas aquelas que resulten de interese tanto pedagóxico como cultural.

Como propostas para o presente curso xurdiron as seguintes:

- 1º Trimestre: visita ao parque temático de Nadal Perlim, en Portugal.
- 2º Trimestre: visita ao museo do Entroido en Xinzo de Limia e aos Xardíns de Allariz.
- 3º Trimestre: Multiaventura nas instalación da Estación de Montaña Nova Oca Manzaneda.

Plantéxase a posibilidade de facer unha saída de varios días co alumnado do 6º nivel de Educación Primaria con motivo do remate da etapa.

Antes da realización destas actividades, o alumno/a debe presentar a autorización paterna, materna ou da persoa que ostente a patria potestade.

O mestre responsable deberá ter coñecemento por escrito dos datos médicos daqueles alumnos que requiran atención especial.

O profesorado encargado de cada actividade informará detalladamente ao alumnado do tipo de roupa e útiles necesarios ou adecuados para efectuar a saída escolar.

Os pais estarán informados previamente, por medio dunha circular, de todo o relacionado coa actividade a realizar.

No transcurso destas actividades, extremaranse as medidas de vixilancia e seguridade. Os responsables non poderán autorizar actividades que impliquen perigo para o alumnado.

Durante o transcurso da actividade, o profesorado e os acompañantes non poderán ausentarse en ningún momento, salvo por causas lexítimas. En todo caso os alumnos nunca poderán quedar solos.

En caso de accidente, comunicarase rapidamente ao Centro e á familia.

O alumno/a accidentado será trasladado polos servizos sanitarios de emerxencia ao Centro Sanitario máis próximo e estará acompañado en todo momento por un mestre.

Estas actividades, ao ser aprobadas xunto coa PXA, non precisan que volvan ser aprobadas polos órganos de goberno do centro. Todas as actividades que vaian xurdindo ao longo do curso e non están recollidas neste plan ou calquera alteración que se

produza terá que ser aprobada nas reunións con carácter extraordinario dos órganos colexiados de goberno do centro.

Se por falta de tempo, presuposto ou calquera outra circunstancia quedara algunha sen realizar, procuraríase darlle preferencia no vindeiro curso.

Por último mencionar que debido a implantación da xornada única no centro, existe un programa de actividades extraescolares organizadas pola ANPA e abertas a todo o alumnado do colexio que o solicite, sexa ou non da ANPA.

Estas actividades teñen lugar de luns a xoves en horario de 15:30 horas a 16:30 horas e son as que a continuación se relacionan:

- Luns: Manualidades.
- Martes: Teatro.
- Mércores: Idiomas (francés e inglés).
- Xoves: Fútbol Sala.

Ademáis, os venres, en horario de 15:30 a 16:30 horas impártense no centro clases de Música Tradicional Galega organizadas polo Concello do Bolo.

Destacar que durante a realización das mesmas, haberá un mestre no colexio para atender calquera imprevisto co desenvolvemento das mesmas.

O AMPA, na medida dos recursos dispoñibles dos asociados, realizará durante o curso todas aquelas colaboracións que poida coas actividades organizadas polo colexio.

Durante o curso, dependendo da dispoñibilidade de recursos e demanda, desenvolveranse talleres concretos e charlas, tanto dirixidas aos alumnos, como aos pais/nais.